

Irán: entre a ideoloxía e o pragmatismo

Mabel González Bustelo

Nos primeiros meses trala invasión de Iraq, e cando a ocupación deste país e a consolidación da posición estadounidense no Golfo Pérsico a longo prazo semellaba aínda un plano fácil e factíbel, a retórica desde Washington comezou a ameazar a outros “Estados dísculos”. Un dos primeiros obxectivos destas ameazas foron os países veciños de Iraq e cos que os EEUU manteñen, aínda que en diferentes graos, unha relación de desconfianza: Siria e Irán. O plano dos neoconservadores para redefinir Oriente Medio semellaba seguir a súa marcha. Quitar a Yaser Arafat do centro do poder en Palestina e acabar con Saddam Husein eran os dous primeiros pasos do proxecto, pero moitos analistas e sectores políticos da rexión comezaron a preguntarse se Irán sería a seguinte parada.

O Goberno iraniano adoptou, tralos atentados do 11 de setembro, unha pragmática política exterior. Solidarizouse cos EEUU e non se opuxo á guerra de Afganistán nin tirou proveito da invasión de Iraq para os seus fins. Con todo, isto non evitou novas presións. Washington acusouno de non perseguir con firmeza dabondo a membros de Al Qaeda presentes no seu territorio e máis de financiar redes terroristas (Hezbollah). Trala fin da guerra de Iraq, tamén o acusou de manipular e orquestrar a grupos shíes do interior de Iraq co obxectivo de promover alí un Estado islámico e despois sinalou a suposta opacidade do seu programa nuclear e esixiulle que aceptase inspeccións. A Axencia Internacional de Enerxía Atómica (AIEA) e a Unión Europea sumáronse a iso, instando a Irán a aceptar un maior control internacional das súas instalacións nucleares e a asinar un protocolo adicional ao Tratado de Non Proliferación (NPT) para permitir inspeccións sen previo aviso. A UE ameazou mesmo con “aparcar” indefinidamente o acordo comercial que se estaba a negociar. A AIEA, no entanto, rexeitou unha proposta estadounidense de resolución que establecía un ultimato para Teherán e que podería pór en cuestión ao Consello de Seguridade da ONU. Estas presións diplomáticas sumábanse ao anel de bases militares estadounidenses (incluíndo neste apartado a Iraq e Afganistán) que poderían ser usadas para un ataque a Irán, creando unha forte presión sobre o réxime de Teherán. Ademais, coincidía no verán de 2003 con manifestacións estudiantís en varias cidades iranianas reclamando maior liberdade, que estaban alentadas polo presidente estadounidense, George W. Bush, e membros da súa Administración. E numerosos ideólogos neoconservadores, como Michael Leeden, do *American Enterprise Institute*, ou Richard Perle, membro e ex presidente da Xunta de Política de Defensa –organismo civil que asesora ao Pentágono– reclamaban insistentemente un cambio de réxime en Teherán e falaban de “aiato-lás terroristas”.

O proceso de acusacións contra Irán semellaba repetir a mestura de argumentos cambiantes cos que se xustificou a guerra contra Iraq (unha ameaza mundial, ar-

mas de destrución masiva, vencellos con organizacións terroristas e, finalmente, o cambio de réxime) e que se demostraron falsos ou contrarios ás Resolucións da ONU que se pretendían facer cumprir. Mesmo semellaban repetirse as discrepancias entre o secretario de Estado, Colin Powell, e o de Defensa, Donald Rumsfeld, con relación á liña a seguir (o primeiro sería partidario dunha aproximación “amigábel” mentres o segundo lanzaba claras ameazas). Porén, a pesar das impresións do momento, as cousas non foron máis alá⁽¹⁾.

As complicacións crecentes da situación en Iraq (cun aumento exponencial da resistencia e dos custos humanos e materiais da ocupación), a preocupante falla de previsión da Administración estadounidense e a imaxe de desconcerto que ofrecen os seus responsabeis diante a evolución dos acontecementos, agravado agora co escándalo das torturas a presos iraquís e enmarcado nun contexto de campaña electoral nos EEUU, semellan ter freado as tentacións belicosas de Washington. Isto confirma, tamén, que se elixiu Iraq precisamente porque era o máis débil dos Estados que compoñían o “eixo do mal”. Pola súa banda, o réxime iraniano, a pesar da retórica *antiameericana* de consumo interno, non aproveitou as dificultades dos estadounidenses para os seus fins.

Unha historia simbólica, unhas relacións tormentosas

Para entender a animosidade permanente entre Washington e Teherán é imprescindible recorrer á historia. Irán ten para os Estados Unidos unha elevada carga simbólica. O derrocamento do shah Reza Phalevi, aliado secular e modernizador autoritario pro estadounidense, e o triunfo da revolución islámica en 1979 foron unha derrota para Washington. O ascenso do islamismo radical nun dos máis grandes países do Golfo Pérsico cambiou o mapa político da rexión até hoxe. A humillación completouse coa “crise dos reféns” e coa frustrada operación de rescate ideada polo presidente Jimmy Carter, unha cuestión que foi chave para que perdesse as seguintes eleccións. O equipo do daquela candidato Ronald Reagan, pola súa parte, conspirou cos aiatolás iranianos para que non liberaran aos reféns da Embaixada dos EEUU en Teherán até que Carter perdesse as eleccións. E, posteriormente, estouparía o escándalo “Irán-Contra” que vencellaba operacións do réxime de Teherán co financiamento “Contra” antisandinista en Nicaragua, un escándalo que afectou ao presidente Ronald Reagan e a outros membros da súa Administración.

Irán xa fora, en realidade, un dos primeiros escenarios da rivalidade Leste-Oeste trala fin da II Guerra Mundial e o inicio da Guerra Fría. Os seus esforzos para

(1) Ver a este respecto MATTHEWS, Robert: *La proyección del poder de Estados Unidos*, en Mariano Aguirre e Mabel González Bustelo (Coords): *Tiempos difíciles. Guerra y poder en el sistema internacional*, Anuario CIP 2003, Icaria-CIP, Barcelona, 2003; e MATTHEWS, Robert: *Juegos nucleares. Irán y Corea del Norte*, en Manuela Mesa e Mabel González Bustelo (Coords): *Escenarios de conflicto. Irak y el desorden mundial*. Anuario CIP 2004, Icaria-CIP, Barcelona, 2004.

desenvolver unha política exterior neutral finalizaron en 1953, cando un golpe de Estado apoiado polos EEUU e o Reino Unido derrocou ao primeiro ministro Mohamed Mossadegh, baixo cuxo goberno o shah Mohamed Reza Phalevi quedou relegado ao papel dun monarca constitucional. A partir dese momento o shah desenvolveu un réxime monárquico ditatorial con estreitas relacións cos EEUU. O seu proxecto, modernizador pero fortemente autoritario, atopou grandes resistencias internas. Tiña enfronte aos nacionalistas seculares e relixiosos, dous grupos que colaborarían na oposición até que en 1978 crearon unha coalición liderada, desde o exilio, polo aiatolá Khomeini⁽²⁾. Esta coalición pulou unha mobilización popular que involucrou a millóns de iranianos de cidades e pobos e que, xa a comezos de 1979, expulsou á monarquía e estableceu unha república. Posteriormente, de entre as diferentes correntes foi o segmento relixioso o que se impuxo, o que determinou o futuro da revolución, establecendo o que a partir de entón sería a República Islámica de Irán. O discurso nacionalista e a retórica anti-occidental pasaron a formar parte do acervo político do país, como ocorre en moitos de aqueles que teñen sufrido fortes interferencias externas.

Un momento chave para a determinación do sistema político que aínda se mantén foi a aprobación da Constitución en referendo, en decembro de 1979. Neste texto conságrase un réxime político dual que deu lugar ás contradicións que agora poden observarse na política iraniana. Por unha parte, existe un Parlamento (*Majlis*) e un presidente elixidos en eleccións; pola outra, a autoridade real está por riba dos procesos electorais. “Trátase dunha inédita combinación de hierocracia, isto é, de goberno dunha oligarquía clerical en nome de Alá, e de institucións democráticas sometidas a aquela⁽³⁾”. A máxima autoridade relixiosa, o líder espiritual (primeiro o aiatolá Khomeini e actualmente Alí Jamenei) é quen ten a última palabra. Controla as forzas policiais e as forzas armadas, o sistema xudicial, os medios de comunicación e o Consello dos Gardiáns da Revolución. Este Consello decide que leis e persoas son compatíbeis coas normas relixiosas. En caso de discrepancias entre este e o Parlamento, é o Consello de Esclarecemento o encargado de resolvelas. Neste marco inscríbese o veto a numerosos candidatos reformistas nas últimas eleccións parlamentarias de febreiro de 2004.

Trátase, polo tanto, dun sistema contradictorio, que contén elementos democráticos e outros que impiden que o seu funcionamento sexa como o dunha verdadeira democracia. Os poderes relixiosos teñen poder de vetar as normas e leis que consideran contrarias á lei islámica, e o estado dos dereitos civís e políticos está lonxe de ser óptimo. Malia iso, as experiencias electorais dos últimos anos, coas vitorias contundentes dos candidatos reformistas encabezados polo presidente Mohamed Jatamí, mostraron unha gran participación do electorado, grandes desexos de cambio e de apertura do réxime e máis un sistema electoral que, malia ás súas imperfeccións, funciona mellor e de xeito máis aberto que outros da mesma zona que, non obstante, non

(2) KRIEGER, Joel (Ed): *The Oxford Companion to Politics of the World*, segunda edición, Oxford University Press, Oxford, 2001.

(3) ELORZA, Antonio: *El Irán de Jamenei*, El País, 15 de xaneiro de 2004.

acostuman ser criticados por Occidente (e que son encadrados baixo o eufemismo de “réximes árabes moderados”). Os problemas de Jatamí para pór en marcha o seu programa reformista puxeron de manifesto os límites dese sistema. Pero o proceso iraniano está en pleno desenvolvemento e as súas contradicións seguirán marcando o futuro nos próximos anos. “O reto para a República Islámica foi como establecer a soberanía popular baixo o goberno clerical e como preservar un goberno cunha misión divina pero cuxa tarefa real e secular consiste en dirixir un estado moderno nun mundo capitalista e dominado por Occidente. As diferenzas ideolóxicas que xurdiron ao respecto, así como os persistentes problemas económicos, teñen xerado dúbidas sobre a habilidade (e mesmo lexitimidade) dos cregos para conducir os asuntos do Estado. Por todo iso, Irán oscila entre as tendencias democráticas, o control autocrático e ocasionalmente a represión⁽⁴⁾”.

O panorama político e as últimas eleccións

As eleccións parlamentarias do 20 de febreiro de 2004 en Irán foron o último acto dun enfrontamento que durante anos ten dividido o país entre, por unha parte, os partidarios de reformas para avanzar na pluralidade democrática e os dereitos políticos e culturais e, pola outra, a ala dura dun réxime que non quere perder os resortes do poder. Contemplado de maneira global, e aínda que os bloques están lonxe de seren homoxéneos, o réxime político iraniano aparece dividido entre os que queren recurtar os poderes dos sectores relixiosos en beneficio das institucións elixidas democraticamente e os que desexan manter a situación actual.

A clara vitoria de Mohamed Jatamí nas eleccións presidenciais de 1997 respondeu aos desexos dun electorado que apoiaba o seu proxecto de facer avanzar o imperio da lei, os dereitos políticos e a mellora da economía. A mocidade, as mulleres e as clases medias urbanas foron artífices dunha vitoria que contou con máis do 70% dos votos e que tamén reflectía a chegada á política dunha xeración que non viviu a revolución e que só coñece o réxime posterior. A vitoria nas eleccións parlamentarias do ano 2000 e a reelección de Jatamí en 2001 revalidaron ese triunfo. No entanto, as dificultades que atopa o proxecto e os choques continuos co sector duro do réxime provocaron que, nas eleccións de febreiro de 2004, o electorado se atopase desencantado. A vitoria dos conservadores produciuse tralo veto de máis de 2.500 candidatos reformistas e o chamamento dunha parte destes á abstención, que supuxo unha participación de perto do 50% do electorado (maior do que se esperaba, pero o índice máis baixo desde o triunfo da Revolución Islámica en 1979⁽⁵⁾). Os iranianos votaron entre o pragmatismo e a decepción.

(4) ABOOTALEBI, Ali: *The Struggle for Democracy in the Islamic Republic of Iran*, en *Middle East Review of International Affairs*, vol 4, nº 3, setembro de 2000 (tradución da autora).

(5) DE LUCE, Dan: *Iran's clerics retake control of parliament*, en *The Guardian Weekly*, do 26 de febreiro ao 3 de marzo de 2004.

O réxime iraniano segue perdendo lexitimidade, especialmente entre a mocidade, as mulleres e o electorado urbano, pero recupera o control das institucións. Isto abre un período de incerteza sobre o futuro. Mentres que para algúns sectores, dentro e fóra de Irán, é o remate da experiencia reformista e da tímida apertura democrática que desde 1997 lidera o presidente Mohamed Jatamí, outros consideran que serán os conservadores pragmáticos, e non a ala máis dura, os que se imporán no novo panorama político, e que o “peche” non se producirá.

A loita entre conservadores e reformistas, aínda que se teña radicalizado, non é nova⁽⁶⁾. En realidade, as diferenzas entre os distintos sectores que compoñen as novas elites que xorden trala revolución comezaron case inmediatamente. Esa división política e ideolóxica é o resultado dunha loita polo poder e os recursos, incluíndo a hexemonía ideolóxica, tanto dentro do Estado como entre este e a sociedade. “E reflicte unha prolongada loita histórica acerca do papel “adequado” que deberían xogar os ulemas no islam e nas sociedades islámicas⁽⁷⁾”.

Despois da elección de Jatamí e, sobre todo, das eleccións legislativas de 2000, cando os reformistas lograron por primeira vez o control do Parlamento, os conservadores comezaron unha ofensiva sistemática para boicotear o proceso de reformas. Ante a ameaza de perder o control do sistema político e os privilexios económicos que isto implica, os distintos grupos conservadores uniron forzas para afrontar a situación. Primeiro neutralizaron o movemento estudantil. O seu seguinte obxectivo foi a oposición laica tolerada, poñendo en marcha un proceso masivo contra os dirixentes do Movemento pola Liberdade de Irán⁽⁸⁾. Tamén vetaron a maioría das leis aperturistas e pecharon periódicos reformistas, ademais de deter a numerosos representantes desta tendencia. Esta ofensiva tivo o seu resultado nas eleccións municipais de 2003, que gañaron os conservadores. A estratexia foi clara: deslexitimar ao presidente Jatamí na medida en que non consegue a apertura que o seu electorado lle reclama e que el defende, debilitalo aos ollos dos seus partidarios, restarlle apoios e así acabar co tímido proceso de reformas. Non foron actos illados, senón unha estratexia clara para recuperar o control do xogo político. A culminación foi o veto das últimas eleccións, deseñado –e con éxito no seu obxectivo– para escenificar a parálise e desmobilizar aos votantes reformistas.

A falla de homoxeneidade dos bloques políticos iranianos explica, en parte, a situación actual. Mohamed Jatamí gañou as eleccións presidenciais de 1997 e 2001 cunha proposta de reformar o sistema e lograr o que denomina unha “democracia islámica”. Pero Jatamí pretende lograr o cambio desde dentro do réxime, sen derruba-

(6) Entre outros, dentro da ala reformista pode mencionarse a Asociación de Relixiosos Combatentes, á que pertence o presidente Mohamed Jatamí, a Fronte de Participación, o Partido dos Servidores da Reconstrución, o Partido Islámico do Traballo, etc. Entre os conservadores figura como destacado o Partido Islámico para o Desenvolvemento de Irán.

(7) ABOOTALEBI, Ali: *State-Society relations and prospects for democracy in Iran*, Middle East Review of International Affairs, vol 5, nº 3, setembro de 2001.

(8) BLECUA, Ramón: *Irán en la encrucijada*, análise do Real Instituto Elcano, 29 de outubro de 2002, en <http://www.realinstitutoelcano.org/>.

lo. No seu discurso con motivo do 25 aniversario da revolución, a principios de febreiro, lembrou que a súa vía é a das reformas, non a da ruptura⁽⁹⁾. Esta corrente ten sido a maioritaria entre os reformistas: trataba de conciliar modernidade e tradición e impór unha interpretación máis moderna do islam; nunca foi, nin é, un movemento secular⁽¹⁰⁾. Ante os primeiros movementos dos conservadores, este sector dos reformistas pensou que “sacrificar” aos seus partidarios máis radicais podería permitirlle avanzar desde o consenso. O cálculo demostrou ser equivocado.

A proposta de Jatamí lograra o apoio da maioría do electorado máis novo e das mulleres, os sectores máis dinámicos da sociedade civil iraniana. Pero o freo imposto ás reformas e o que se interpretou como debilidade ou acougo fronte ás institucións relixiosas ten levado a este electorado a perder a confianza nel e a instalarse na apatía e o desencanto. A isto cómpre sumarlle a súa incapacidade para lograr avances significativos nas condicións de vida da poboación e as propias divisións internas dos reformistas. Nas últimas eleccións, Jatamí pedía a participación, mentres que outros destacados líderes –entre eles o seu irmán e líder da Fronte de Participación, Reza Jatamí, ou a premio Nobel Shirin Ebadi– chamaban á abstención para deslexitimar o proceso⁽¹¹⁾. Estas diverxencias internas explican en parte os resultados e o proceso que ten conducido á situación actual.

O movemento reformista é heteroxéneo e non comparte obxectivos políticos máis alá dunha intención de reforma pouco definida, polo que non ten sumado esforzos a prol de obxectivos concretos. Outros elementos que explican a situación é que sobreestimaron o seu poder, xeraron expectativas pouco realistas e, debido á súa intención de traballar desde dentro do réxime, distanciáronse de grandes sectores políticos como os demócratas seculares, nacionalistas e socialistas⁽¹²⁾. Tamén se sinala como erro a súa tentativa de marxinalizar ao ex presidente Alí Akbar Hachemí Rafsanjani (entre 1989 e 1997), agora presidente do Consello de Esclarecemento e home chave da política iraniana, o que o converteu nun adversario determinado e eficaz. A partir de agora, e até o remate do seu mandato o vindeiro ano, Jatamí deberá afrontar as dificultades de ter un Parlamento maioritariamente conservador, o que fará aínda máis difícil o proceso de reformas.

No entanto, analistas iranianos sosteñen que a baixa participación electoral e o cuestionamento que supón para a lexitimidade do réxime abre un espazo para os conservadores pragmáticos, que poderían mesmo adoptar aspectos da axenda dos reformistas moderados e levar a cabo algúns cambios para mellorar a súa lexitimidade e imaxe perante a poboación. O bloque conservador tampouco é uniforme e existen no seu interior tendencias aperturistas, apoiadas mesmo por algúns aiatolás. O peche de

(9) *El presidente de Irán ataca al sector duro del régimen en el 25º aniversario de la revolución*, El País, 12 de febreiro de 2004.

(10) Strategic Forecasting Alert, *Iran: Perceptions and Misperceptions*, Stratfor, 8 de xullo de 2003.

(11) *Banned Iranian MPs challenge Khamenei*, Al Yazira, 18 de febreiro de 2004. Na súa páxina web en inglés: <http://english.aljazeera.net/>.

(12) International Crisis Group, *Iran: Discontent and Disarray*, Middle East Briefing, Ammán-Bruselas, 15 de outubro de 2003.

dous xornais reformistas nas vésperas das eleccións e o veto dos candidatos desta tendencia pode significar que son os que manteñen posturas máis radicais os que se están a impor nesta loita interna, pero hai sinais que apuntan na dirección contraria. En representación dos grupos conservadores, presentouse a estas eleccións unha xeración de políticos máis nova e con menos experiencia, que podería ser propensa ás reformas⁽¹³⁾. Tras coñecer os resultados electorais, o pragmático Gholam-Ali Hadad-Adel, líder do Partido Islámico para o Desenvolvemento de Irán (triunfador en Teherán), anunciou que o seu país seguirá cooperando coa Axencia Internacional da Enerxía Atómica para o control do programa nuclear e que o seu partido non dará marcha atrás nas reformas aprobadas nos últimos anos, aínda que si farán algúns cambios. En declaracións á cadea de televisión *Al Yazira*, afirmaba: “non queremos atrasar o reloxero das reformas, só axustalo⁽¹⁴⁾”.

Unha figura política chave deste sector é Rafsanjani, cualificado por algúns como o menos dogmático dos cregos conservadores e que parece ter moita influencia sobre o líder espiritual Alí Jamenei. Para el, e para os seus seguidores, os asuntos estratéxicos e económicos teñen prioridade sobre os ideolóxicos. O modelo, no ámbito interno, podería ser semellante ao chinés: apertura económica e, gradualmente, cultural, mentres se mantén a situación no político. No nivel externo, o seu modelo podería compararse co ruso: unha política exterior conciliadora que permita “blindar” ao réxime fronte ás críticas internacionais e incrementar o investimento estranxeiro. Rafsanjani insinuou mesmo a posibilidade de iniciar conversacións con Washington⁽¹⁵⁾.

Os pragmáticos xa tentaron, nos anos noventa, abrir a economía do país para facela máis competitiva, pero chocaron con poderosos intereses de membros do *establishment* conservador, especialmente aqueles que se benefician polo seu papel nas empresas estatais e nas poderosas fundacións vencelladas ao Estado que reciben unha grande cantidade de fondos deste. Porén, o réxime podería decatarse agora de que non lle será posíbel gobernar indefinidamente sen lexitimidade e que, para mellorar a súa estabilidade, sería máis vantaxoso facer reformas políticas e económicas. Ademais, a sociedade iraniana experimentou nos últimos vinte anos profundos cambios que teñen modificado de forma esencial a súa composición e características.

Unha sociedade en transformación fronte a unha economía estancada

A pesar dos límites que impón a estrutura política, unha marcha atrás total no proceso de reformas non semella unha opción posíbel nin realista dados os profundos cambios que experimentou a sociedade iraniana desde a revolución e que afectan, especialmente, á mocidade e ás mulleres. Entre os acontecementos que teñen marcado esta sociedade desde 1978 pódense citar as mobilizacións que levaron á revolución; a

(13) PETERSON, Scott: *Reform still tops agenda in Iran*, The Christian Science Monitor, 23 de febreiro de 2004.

(14) Ver a información sobre as eleccións en Irán en <http://english.aljazeera.net/>.

(15) International Crisis Group, Op Cit, p13.

represión dos disidentes tras esta, coa imposición do modelo relixioso fronte ao secular; os oito anos de guerra con Iraq; o rápido crecemento demográfico e a urbanización; a chegada de refuxiados afgáns e iraquís; o impacto das sancións económicas estadounidenses; a estratexia de islamización; e unhas políticas económicas que lle deron prioridade ao desenvolvemento rural e que acadaron grandes avances nesta materia.

A política educativa foi unha das chaves do período pos-revolucionario. O sistema educativo estendeuse a todo o país e favoreceuse o seu acceso por parte da poboación de tódolos segmentos sociais. As escolas e universidades chegaron ás cidades pequenas e ás áreas rurais. A taxa de alfabetización era do 50% da poboación en 1979 e pasou a un 80%, un cambio que afectou principalmente ás mulleres. Elas constitúen agora máis do 60% do estudantado universitario e un 62% das mulleres de áreas rurais están alfabetizadas⁽¹⁶⁾. Ademais, a taxa de fillos por muller caeu de máis de seis en 1979 a algo máis de dous na actualidade, no que foi un dos declives do tamaño da familia máis rápidos da transición demográfica moderna apoiado desde as institucións⁽¹⁷⁾. Aínda que queda por percorrer un longo camiño para o logro da igualdade ante a lei, estes e outros cambios teñen creado un profundo cambio de mentalidade nas mulleres iranianas, cada vez máis conscientes do papel que poden xogar na sociedade e máis dispostas a defender os seus dereitos. Ademais, a inmensa maioría da poboación é nova (a metade ten menos de vinte anos). Estes mozos e mozas teñen o dereito ao voto desde os 15 anos, algo que lles dá poder político, e teñen tamén un forte sentido de identidade e formación suficiente como para poder participar no debate político.

É unha sociedade moi desenvolvida –quizais porque nunca tivo que sufrir o colonialismo de xeito directo– e de grande tradición asociativa. E atópase en plena transformación: a participación social traduciuse na creación de asociacións de ámbito cultural, relixioso, profesional, escolar. Debátase sobre a organización territorial do Estado, sobre a situación da muller, a tortura ou as condicións carcerarias, cuestións que lograron entrar no debate político. Trátase de cambios sociais estruturais que significan cambios de mentalidade e de tendencias, procesos de longo prazo pero dificilmente reversíbeis, nos que tamén participa unha diáspora próxima aos tres millóns de persoas⁽¹⁸⁾.

Outros feitos de gran importancia que tiveron lugar recentemente mostran a evolución iraniana. Un deles é a concesión do premio Nobel da Paz á iraniana Shirin Ebadi, unha xurista de longa traxectoria na defensa dos dereitos humanos e a primeira muller musulmá en lograr este galardón que, ademais do seu valor simbólico, facilita-

(16) HOURCADE, Bernard: *Iran: a spring of change*, na edición en inglés de Le Monde Diplomatique, febreiro de 2004, en <http://mondediplo.com/2004/02/02iran>.

(17) ENGELMAN, Robert; HALWEIL, Brian e NIERENBERG, Danielle: *Replanteando la población, mejorando las vidas*, en La situación del mundo 2002, Informe anual do Worldwatch Institute, Icaria-Fuhem, Barcelona, 2002.

(18) *El estado del mundo*, Anuario económico geopolítico mundial 2004, AKAL, Madrid, 2004, p241.

rá a súa loita no interior de Irán. En segundo lugar, a decisión do Goberno iraniano de aceptar os regulamentos internacionais para o seu programa nuclear, perante o despregamento diplomático da UE, baseado en negociacións e incentivos. E por último, a decisión da compañía automobilística Renault de instalar en Irán unha planta de fabricación cun investimento lixeiramente inferior aos 900 millóns de dólares, un montante moi alto que demostraría a estabilidade do país e a ausencia de riscos políticos ou económicos⁽¹⁹⁾. Esta decisión súmase ás adoptadas por varias compañías petroleras, que decidiron desafiar o embargo imposto polos EEUU aos investimentos neste sector⁽²⁰⁾. Comprenderon as implicacións e a Irán.

Esa apertura ao investimento estranxeiro, que logrou algúns avances nos últimos anos, pode ser a chave para reactivar unha economía que non medra ao ritmo que demanda a poboación. Despois da revolución, e aínda que non se alterou unha estrutura económica baseada esencialmente no modelo capitalista, puxéronse en marcha programas de desenvolvemento para a redistribución da riqueza que beneficiaron sobre todo ás áreas rurais, onde vive o 40% da poboación. Construíronse estradas e levouse electricidade, auga potábel, escolas primarias e infraestruturas de saúde. As políticas de apoio á agricultura tamén serviron para fomentar este sector. As zonas rurais experimentaron unha mellora nas súas condicións de vida nos últimos 25 anos. O estancamento económico notouse máis nas zonas urbanas e o réxime ten tido menos éxito á hora de diminuír a pobreza nas cidades, algo que tamén pode atribuírse a un crecemento da poboación do 4% anual pola migración rural⁽²¹⁾. O crecemento económico non é dabondo para absorber o incremento da poboación activa (750.000 persoas cada ano) nin para aumentar o Produto Interior Bruto (PIB) per cápita⁽²²⁾. O desemprego e a pobreza urbana non se reduciron e as clases medias das cidades experimentaron nos últimos anos un progresivo deterioro do seu nivel de vida. Esta situación explica en boa medida o seu descontento coa situación económica. Trátase dunha poboación ben formada e que aspira a entrar nun mercado laboral que, no entanto, non ten capacidade para absorber esa man de obra.

A pesar de todo, nos últimos anos Jatamí e os seus aliados no Parlamento teñen adoptado reformas para a liberalización económica que poden sentar as bases dunha economía máis aberta e competitiva. Os altos ingresos do petróleo axudan a fortalecer a economía e en 2003 incrementouse de xeito significativo o volume de

(19) HOURCADE, Bernard: Op Cit.

(20) Desde o ano 2000, interveñen en Irán TotalFinaElf, Royal Dutch/Shell, ENI-Agip, Statoil, Lukoil e varias compañías xaponesas, entre outras. Entre 1995 e mediados de 1999, Irán atraeu perto de 5.000 millóns de dólares en investimento estranxeiro no sector do gas e do petróleo, e espérase que poida atraer outros 20.000 millóns até o ano 2013. Datos procedentes de VALIBEIGI, Mehidad: *Law of Unintended Consequences: US Sanctions and Iran's Hardliners*, en Middle East Report Online, 28 de xaneiro de 2004. Ao seu xuízo, as sancións non só non resultan eficaces senón que teñen fortalecido aos conservadores, dándolles unha xustificación para unha economía que non medra dabondo e permitíndolles así ocultar os seus propios erros de xestión. Tamén funcionaría nese sentido a política estadounidense de opórse á entrada de Irán na Organización Mundial do Comercio (OMC). Ver: <http://www.merip.org/mero/mero012804.html>.

(21) KRIEGER, Joel (Ed): Op Cit.

(22) *El estado del mundo 2004*, Op Cit, p243.

exportacións alleas ao sector petrolero, cifradas en 6.000 millóns de dólares. A isto sumóuselle unha mellora do *know how* tecnolóxico e da calidade en sectores como o automobilístico, a construción ou os estaleiros. Tamén foi a primeira vez, despois de sete anos, en que diminuíu o desemprego e en que a mellora do sistema impositivo conduciu a un aumento do 24% nos ingresos fiscais⁽²³⁾. Sen o embargo dos EEUU, sen dúbida este comportamento económico tería sido mellor.

Incertezas para o futuro

Todo parece indicar que, aínda que o cambio finalmente chegará a Irán, o máis probábel é que o faga lentamente e como consecuencia dun proceso interno prolongado. O primeiro paso pode ser o ascenso dos conservadores pragmáticos, interesados en manter os aspectos fundamentais do sistema mais dispostos a abrir a economía a Occidente para mellorar a situación económica e así satisfacer as demandas sociais. Desde o exterior, a comunidade internacional debe continuar apoiando aos defensores dos dereitos humanos e a apertura democrática do réxime, así como continuar a procurar a estabilidade dun país chave para a área e, daquela, para a estabilidade mundial. Nun contexto internacional tan polarizado como o actual, isto é cada vez máis importante. Máis contactos económicos e culturais co exterior, e a insistencia internacional na reforma política e nos dereitos humanos, fortalecerán á sociedade civil iraniana en lugar de debilitala.

As perspectivas a longo prazo son pouco claras pero, a curto e medio prazo, e posíbel aventurar que se asistirá a “máis do mesmo”: loita permanente entre reformistas e conservadores; descontento xeralizado e un réxime deslexitimado, especialmente entre determinados sectores; protestas esporádicas sufocadas con dureza polas forzas de seguridade; e unha economía que non funciona ao ritmo que a sociedade require. Pero a posibilidade de revoltas ou brotes de violencia é limitada debido a varios factores. En primeiro lugar, debido ao poder dos aiatolás, que a pesar de todo é sólido, ten base social e conta con recursos para controlar a situación e coa vontade de utilizalos⁽²⁴⁾. Ademais, o fracaso do proceso de reformas coaduvou a desmotivación e desmobilización do electorado reformista. Como afirman fontes iranianas, é máis probábel que a mocidade desencantada se dedique a tentar abandonar o país en lugar de cambialo. Non se poden descartar respostas populares como as que periodicamente, desde mediados dos anos noventa, protagoniza o estudantado. Porén, estas non semellan ter moito apoio popular. As manifestacións dos estudantes do pasado verán en Teherán reuniron a preto de 10.000 persoas, pero tendo en conta que nesta cidade viven doce millóns de habitantes, non poden cualificarse de masivas. Se son violen-

(23) *Ibíd.*

(24) Aínda que algúns analistas aseguran que o poder é fundamentalmente de carácter negativo: o que mellor poden facer é bloquear iniciativas contrarias. EHSANI, Kaveh: *Round 12 for Iran's Reformists*, en Middle East Report Online, 29 de xaneiro de 2004. Ver: <http://www.merip.org/>.

tas, é máis difícil mesmo que consigán apoio. A sociedade iraniana é maioritariamente non violenta, pois xa viviu unha dura revolución e dez anos de guerra con Iraq. Ademais, a dura represión fai que moitos decidan non participar. E a difícil situación económica obriga a pensar máis na vida cotiá que nos asuntos políticos.

Os conservadores teñen agora de novo o control do Parlamento e poderían retomar o control absoluto do sistema se gañan as eleccións presidenciais do vindeiro ano. No entanto, aínda nese caso, deberán facer fronte a varias cuestións fundamentais como a extensión das liberdades individuais (algo que pode xerar fricións dentro do propio bloque conservador, e entre este e a sociedade); a mellora da situación económica, que esixirá cambios no sistema; e as relacións exteriores, coas relacións cos EEUU e a Unión Europea no primeiro punto da axenda⁽²⁵⁾.

Pola súa localización xeográfica, Irán é un país chave para a situación de Oriente Medio e Asia Central e a súa estabilidade interna debe ser unha prioridade para a comunidade internacional. A Unión Europea pode seguir xogando un papel importante se continúa apoiando as reformas e o respecto dos dereitos humanos pola vía da negociación e da cooperación. Pola contra, bravatas diplomáticas como as que periodicamente se lanzan desde os EEUU (e aínda que o enfrontamento estea encarreirado dentro de certos límites) danlle forza ao sector duro, que enarbora o discurso nacionalista, e pechan o espazo dos reformistas. Nese contexto, calquera brote de protesta ou reclamación cualifícase como parte de manobras de desestabilización orquestradas desde o exterior. A resolución da crise do programa nuclear de Irán mostra que a UE pode adoptar unha postura independente da dos EEUU e que pode lograr éxitos mediante unha combinación de incentivos e diplomacia. Teherán asinou o Protocolo Adicional do Tratado de Non Proliferación (NPT), aínda que segue a reclamar o seu dereito a desenvolver un programa nuclear con fins civís e de enerxía, e a pedir a colaboración dos países desenvolvidos na transferencia de tecnoloxía para eses fins⁽²⁶⁾. Ademais, nos últimos anos a UE mantén estreitos contactos coas institucións iranianas e está en situación vantaxosa para manter o diálogo e premer para unha apertura do réxime desde dentro. A declaración elaborada con motivo da aprobación do mandato para o Acordo Comercial e de Cooperación coa UE tamén sinala que o obxectivo último é apoiar o proceso interno cara á democracia e ás reformas económicas.

A complexa situación de Iraq e a inestabilidade crecente na área potencia o papel de Irán como actor fundamental na rexión. Polo momento, e a pesar do enfrontamento verbal entre os dirixentes conservadores iranianos e os membros do Goberno estadounidense, ambos os dous países evolucionan cara a un aliñamento moi pragmático aínda que, en ocasións, pouco perceptíbel desde o exterior. Desde Washington rebaixouse o nivel de enfrontamento verbal e calquera estratexia de cambio de réxime

(25) FARZAMNIA, Nadereh: *La Constitución iraní: un círculo vicioso*, análise do Real Instituto Elcano, 17 de febreiro de 2004, en <http://www.realinstitutoelcano.org/>.

(26) *Secretary of Iran's Supreme National Security Council, Hassan Rohani: The World Must Accept Iran's Membership in the World Nuclear Club*, Special Dispatch Series, nº 678, 11 de marzo de 2004, The Middle East Media Research Institute.

semella de momento desbotada, aínda que non renunciou a seguir apoiando a grupos da oposición, especialmente no exilio. Pola súa parte, e en relación coa cuestión iraquí, Irán defende máis o seu interese nacional que non os principios ideolóxicos ou relixiosos. Ténselle acusado, ao igual que a Siria, de tolerar a entrada de “combatentes estranxeiros” a territorio iraquí a través das súas fronteiras⁽²⁷⁾. Outros feitos tiveron menos repercusión nos medios occidentais, a pesar da súa importancia. O presidente Jatamí recoñeceu o Consello de Goberno de Iraq (creado polos EEUU) en novembro de 2003, e apoia o calendario para a transferencia de poder no país veciño⁽²⁸⁾. Irán pode influír na situación iraquí de varias maneiras: en primeiro lugar, pola súa influencia sobre a comunidade xií (aínda que ocasionalmente se producen rozaduras entre eles), porque a súa intelixencia traballou alí durante anos e ten boas conexións e, en segundo, pola existencia de boas relacións con varios líderes chave, entre eles o ex-membro do Consello provisional Ahmed Chalabi⁽²⁹⁾. A Teherán non lle interesa a “libanización” de Iraq e, pola contra, agarda que dun proceso electoral poida saír un Goberno xií e pro-iraniano, o que fortalecería o seu poder e estabilidade. O equilibrio de poder na rexión sempre pivotou sobre o enfrontamento Irán-Iraq e o seu control ou neutralización convertería a Irán no actor xeopolítico máis importante da área. Isto vén fortalecido polos seus vencellos coas comunidades xiíes (maioritarias só en Irán e Iraq pero tamén importantes noutros países, incluíndo Arabia Saudí, onde habitan unha zona rica en petróleo), así como o feito de ser o exército máis forte da zona, excluindo, obviamente, ao estadounidense emprazado en Iraq⁽³⁰⁾.

Son moitos os retos que debe afrontar Irán nos vindeiros anos. A sociedade demanda a apertura do sistema político, o respecto dos dereitos humanos, o desenvolvemento económico e a apertura cara ao exterior. A pesar dos últimos reveses, esas demandas non van desaparecer e as visións contrapostas sobre o modelo social e político persistirán. E o réxime, se desexa manter a súa lexitimidade e garantir a súa supervivencia, antes ou despois deberá dar resposta a esa presión social. O rotundo fracaso que é a imposición da democracia en Iraq mediante a violencia mostra que a democracia é un proceso que só pode xerarse desde dentro das sociedades. Por iso, as opcións para a comunidade internacional deberían estar claras: o que debe primar é o apoio aos grupos da sociedade civil que piden democracia, liberdades e dereitos humanos e as tendencias máis aperturistas dentro do réxime. O método, como demostran algúns éxitos da UE nesta materia, podería ser unha mestura de presión diplomática, incentivos e negociación; así como conducir as materias chave (como a proliferación nuclear) nos marcos multilaterais xa existentes. Ao mesmo tempo, debe acabarse co

(27) A estratexia sería permitir a desestabilización de Iraq para manter a presión sobre os EEUU e evitar calquera tentación de intervir no seu propio país. Con todo, cómpre tamén lembrar que o exército estadounidense en Iraq non foi quen de controlar esas mesmas fronteiras.

(28) Trátase dun feito raramente mencionado nos medios de comunicación, a pesar da súa importancia. Quizais isto se deba a que nin aos EEUU nin ao réxime iraníano lles parece conveniente que se coñeza, porque sería contradictorio cunha retórica que vai en sentido contrario.

(29) IGNATIUS, David: *Iran's mullahs call the shots in Iraq*, The Guardian Weekly, 4-10 de marzo de 2004.

(30) *The War in Iraq: Redefining and Refocusing*, The Stratfor Weekly, 5 de marzo de 2004.

dobre baremo que fai que as violacións dos dereitos humanos ou as deficiencias do sistema político sexan contempladas de diferente xeito segundo o Goberno en cuestión sexa “amigo” ou “inimigo” e que lle resta lexitimidade mesmo aos esforzos lexitimos levados a cabo nesta materia. Arabia Saudí, Paquistán ou Israel por unha banda, e Irán pola outra, son bos exemplos desta dicotomía.

Mabel González Bustelo é xornalista e analista do Centro de Investigación para la Paz (CIP-FUHEM). Parte de este artigo foi publicado como “Elecciones e incertidumbre en Irán”, en Papeles de cuestiones internacionales, nº 85, primavera de 2004.